



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 12 DE XANEIRO DE 2015.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

##### **Interventora de fondos**

D<sup>a</sup>. Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 11:00 horas do día 12 de xaneiro de 2015 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario xeral , Silvia Alonso Fernández*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



### PARTE RESOLUTIVA:

#### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bos días a todas e a todos, empezamos entón con este Pleno ordinario co primeiro punto da orde do día, que son as actas do 13 do 11 do 2014 e do 17 do 12 do 2014, que teñen copia, e se teñen algo que alegar este é o momento.

**O sr. Fírvida toma a palabra (BNG):** Bos días, antes de comezar este Pleno quería agradecer a todas as persoas desta Corporación Municipal e ás traballadoras e traballadores desta casa, o respecto e o afecto que me mostrastes durante o funeral e o falecemento do meu pai, entón pois moitas grazas. Despois sobre as actas vamos votar a favor, pero antes do comezo do Pleno tamén queremos manifestar o noso malestar pola forma en que se está levando ultimamente a actividade política neste Concello, mais ben parece, xa o temos manifestado noutras ocasións, dirixidos non sabemos moi ben por quen señor Alcalde, porque resulta que en moitísimos Concellos deste País, mesmo na Deputación Provincial de Ourense sistematicamente apróbanse todas as mocións con carácter de urxencia, porque son mocións presentadas polos grupos da oposición, case sempre, porque xorde algún asunto que se considera de urxencia ou porque sucedeu algunha cuestión, e se presentaron ademais fóra dos prazos tan estritos que se marcan nesta casa que hai que presentar unha moción case antes do Pleno anterior para que sexa debatida no seguinte Pleno. Non entendemos por que razón non se poden debater mocións de urxencia neste Pleno, non entendemos por que non se poden debater enmendadas ós orzamentos, non entendemos por que se nos furta a posibilidade de facer o noso traballo político. Nós queremos manifestar en todo caso, o noso malestar coa forma en que se está levando sobre todo a xestión política, a liberdade de poder traballar para os grupos da oposición.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do PSOE.

**O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Pois quero empezar polo final da intervención do señor Fírvida. Para o Grupo Socialista un Pleno do Concello é a máxima representación da participación democrática da cidadanía na vida política local. Ten que ser tamén un lugar de encontro e de debate das diversas propostas que promoven os representantes dos veciños e veciñas neste caso os concelleiros e concelleiras. O PP, e o señor Freire queren facer iso dun regulamento para non aceptar ese debate democrático, e roubar á veciñanza a posibilidade de debate que non ten máis obxecto que mellorar a calidade de vida de os nosos conveciños. Nesta ocasión hai diversas circunstancias persoais que deberían obrigar ó señor Freire a aceptar as mocións de urxencia, a estas



circunstancias persoais hai que engadir as datas de nadal, que poden impedir o desenvolvemento normal do traballo político. A vida democrática e os asuntos da cidadanía non están sometidos a un regulamento. Os veciños e veciñas puxérono aquí para resolver os seus problemas, e as institucións deféndense desde dentro facilitando a democracia, o debate e a participación. Quería falar en relación ás actas, pois aquí hai varios, ímonos abster porque hai varios erros, ¿podo enumeralos?, eu vou falar das miñas intervencións, Victoria e María non sei se teñen que facer algunha alegación ou algunha consideración as súas intervencións. Na páxina 18, da do orzamento da do 13 de novembro, na páxina 18 onde pon o señor Valcárcel toma a palabra di: pois ben o señor Freire, señor obispo 130.000 €, iso eu non o dixer. Despois na páxina 19: están a tanto de mata, será a salto de mata, e despois si na mesma páxina 19 hai un entrecomiñado que pon: mantense unha discusión entre o señor Valcárcel e o Tenente de Alcalde para as pagas extras dos Concelleiros, non sei se é conveniente que se reflicte ou non se reflicte, non o sei non vou entrar tampouco, na mesma páxina, xa que facemos un acta detallada, non sei se, se procede ou non procede detallar tamén ese diálogo, ese debate, simplemente o digo coma unha anécdota, iso non é unha alegación é unha consideración non sentido de dicir se se mantén un debate, todo o Pleno é un debate, entón non sei ó mellor debería figurar na acta ese debate, non o sei, é unha puntualización nada máis, non vou entrar en profundidades no asunto tampouco, é unha anécdota. Despois na páxina 23, fálase de 10.000 pesetas, e son 10.000.000, na páxina 23, fálase dúas veces de 10.000 pesetas cara o medio da páxina, pon: e resulta que o Concello vai desembolsar 10.000 pesetas en reformalo, en relación ó Polideportivo, son 10.000.000. Da outra acta non temos nada que alegar en principio. Hai outra consideración, di aquí páxina 45, é unha transcripción simplemente ortográfica no último parágrafo di: que se asinen con concorrencia competitiva, que se asignen, de asignar, a asinar hai diferenza, sei que é un erro pero iso quero dicir, asignen.

**A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Nada só quería dicir, non vou a entrar nos pormenores como fai Xosé Carlos dos erros da acta, faríamos un rogo de que se corrixa polo menos unha ou dúas veces antes de publicalas, porque recollen verdadeiras barbadaridades, fáganas menos cortas, tarden máis, fágana menos larga, perdón. Eu só lle digo, mire teñen moita presa para convocar o Pleno e por unhas horas non aceptaron as mocións da oposición, por unhas horas, teñen moita presa por convocar o Pleno, e sen embargo por facer as actas preséntanos sempre día tras día chapuzas nas actas, pois fáganas menos largas, señora Secretaria.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** No momento que quixemos facelas menos largas, faltaban debates fundamentais.



**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois entón que sexan correctas, que sexan correctas que non teñan erros ortográficos que non teñan barbaridades, é o que lle pedimos, o nadal é para todos tamén, e para os grupos da oposición que non podemos presentar por unhas horas as mocións e non as podemos debater hoxe no Pleno tamén era nadal, non eran só para vostedes, son para todos. Porque gracias a Deus a liberdade de expresión aínda non nola pode quita o señor Alcalde, xa nos furta o debate de mocións e de propostas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Imos ver, punto primeiro aquí as mocións de urxencia cando realmente se ten en conta a urxencia sempre se votaron, e se apoian e se traen en conta, agora o que non podemos é meter por urxencia todas as mocións que polo motivo que sexa non veñen pola vía ordinaria, porque se foran de urxencia obviamente había que aprobala, nós íámolas aprobar, pero é que ningunha das que presentaron entendemos que é urxente, porque teñen máis que tempo suficiente para podelas traer sen ningún problema, se fôra algo que houbera un prazo, que caducara un prazo, ou tal, sería urxente, ou algo moi importante que tivéramos que tomar unha decisión xa, pero non é o caso, entón eu creo que non se pode desvirtuar o que é a urxencia, e a parte en todo caso este Pleno foi xa, mire a que día estamos, estamos a día 12, co cal houbo tempo máis que suficiente para podelas facer, as cousas son como son.

Ben entón imos someter a votación entón o da acta, votos a favor da acta, abstencións, das actas, xusto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e do BNG e as abstencións do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Aprobación da acta anterior (13/11/2014 e 17/12/2014)**”

## **2- APROBACIÓN CIFRAS DE POBOACIÓN A 1 DE XANEIRO DE 2014**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó segundo punto que é a aprobación da poboación de habitantes a 1 de xaneiro de 2014, que como todos teñen copia era de 10.371, na actualidade 10.521. Entendo que todos votamos a favor deste punto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “ **Aprobación das cifras de poboación a 1 de xaneiro de 2014 en 10.371 habitantes**”



### 3- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA ESIXIR Á XUNTA QUE POÑA EN MARCHA O TRANSPORTE METROPOLITANO EN OURENSE E COMARCA.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto 3 que é unha moción do Partido Socialista para esixir á Xunta que poña en marcha o transporte metropolitano en Ourense e comarca. Ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade é fundamental para o desenvolvemento da área metropolitana de Ourense. A fluidez no transporte de viaxeiros é un factor clave para a modernización da maior parte dos concellos que compoñen a comarca de Ourense e indispensable para o concello de Barbadás. Sen embargo, a posta en marcha do transporte metropolitano en Ourense necesita o compromiso en firme e con cifras consignadas nos orzamentos autonómicos. Nunha comparecencia da conselleira de Medio Ambiente, Ethel Vázquez, hai unhas semanas non concretou as actuacións que se van acometer para pór en funcionamento o transporte metropolitano en Ourense. Está claro que na actualidade é o Executivo autonómico o que ten paralizado o proxecto porque dende o mes de marzo non se volveron retomar as negociacións para definir os pormenores do proxecto. A actitude dos sucesivos titulares da Dirección Xeral de Mobilidade respecto ó proxecto do transporte metropolitano de Ourense caracterízase pola pasividade e pola cerrazón á hora de negociar co Concello de Ourense. Esta situación está retrasando todo o procedemento e dilatando no tempo as melloras na accesibilidade que suporá o transporte metropolitano. Dende o Grupo Municipal Socialista de Barbadás cremos que a tan consabida escusa de que o transporte metropolitano non funciona porque Ourense cidade non clarexa a situación dos intercambiadores é unha falacia. Quedan por definir cuestións moito máis controvertidas e que moito nos tememos que están retrasando realmente o proxecto, como é a negociación coas empresas que teñen a adxudicación das liñas máis importantes da zona periférica da cidade. É preciso un compromiso firme da Administración titular das competencias en materia de transporte metropolitano, é dicir, da Xunta para fixar prazos e consignacións orzamentarias concretas. Para Ourense e a súa área de influencia é crucial o transporte metropolitano que afecta a unha poboación en torno ós 137.000 viaxeiros e a 8 concellos (Ourense, Barbadás, Pereiro, Coles, Punxín, Toén, Amoeiro e San Cibrao). O transporte de viaxeiros precisa este pulo debido principalmente ó que suporá de abaratamento do custo do billete, de comodidade para os usuarios ou de axilidade na mobilidade.

Do que se trata é de mellorar a conexión das redes urbana e metropolitana e de implementar e



modernizar a infraestrutura e imaxe do sistema de transporte público. Outras vantaxes afectan ó medio ambiente, ó reducirse as emisións de CO<sub>2</sub>, ó diminuír o número de vehículos que circulan e á mellora da calidade de vida das persoas que residen no medio rural.

Por todo elo é que o Grupo Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

- Esixir á Xunta que cumpra o compromiso de pór en marcha o transporte metropolitano en Ourense no prazo comprometido.
- Instar ó Executivo galego a desbloquear as negociacións co Concello de Ourense, practicamente paralizadas dende marzo de 2014.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Sempre que falamos da posta en marcha do transporte metropolitano os membros do PP teñen a mesma actitude baseada no máis puro maniqueísmo, é a única maneira que temos de definilo. O Goberno Socialista de Ourense son os malos e a Xunta de Feijóo son tan boíños que mesmo nos temos que comparecer deles. Por favor sexamos un pouco serios teñamos un chisco de madurez política e saibamos ver que as competencias do transporte son da Xunta, e que foi a pasividade dos sucesivos equipos de Feijóo a que non desbloquea as negociacións. O que está claro e que se trata de predisposición política, non dunha cuestión técnica, como os membros do Partido Popular en todos os ámbitos intenta facernos ver, tal e como tratan vostedes transmitir. Vontade política é a que tiñan os anteriores Directores Xerais, tanto Bugarín como Camino Triguero e mesmo o anterior Conselleiro de infraestruturas Agustín Hernández, parecía que había vontade política nesa época, pero a situación de bloqueo dende o mes de marzo é máis que evidente, tanto a nova Conselleira Ethel Vázquez como a recentemente nomeada Directora Xeral Helena de Lucas de Santos parecen estar máis interesadas en dilatar a posta en marcha do proxecto que en desbloquear as negociacións. Recentemente De Lucas despois dunha moción presentada, debatida e aprobada por unanimidade na Deputación, tivo a ben recibir á Concelleira de mobilidade de Ourense Susana Bayo, pero despois desta primeira toma de contacto hai unhas semanas, o engraxe de negociacións terá que poñerse en marcha, unha estratexia que parece interesarlle ó Partido Popular en espera dos resultados electorais do mes de maio. Non prevemos que a reunión, a próxima reunión, a reunión de traballo a verdadeira a que porá en marcha o transporte metropolitano se produza antes do mes de febreiro deste ano, co cal están dilatando a cuestión día tras día, semana tras semana, ano tras ano para esperar a ver cales son os resultados do 25 de maio de 2015. O Partido Popular está dilatando este importante proxecto para a Comarca de Ourense, a nós impórtanos a Comarca de Ourense,



impórtanos Barbadás que é un dos Concellos cruciais na posta en marcha deste transporte metropolitano onde hai máis viaxeiros que farían uso do transporte metropolitano, beneficiaría ós nosos veciños, eu supoño señor Alcalde que a vostede lle interesa que ós veciños de Barbadás se beneficien do transporte metropolitano, se beneficien da baixada de tarifas, se beneficie da menos transmisión de CO2 á atmosfera, porque todo iso interesarlle, pero bo moito non está facendo. Por esta razón non existe consignación orzamentaria nos orzamentos da Xunta para este ano, só hai boas palabras e compromisos baldíos dos altos responsables políticos, os feitos son que para o transporte metropolitano de Ourense hai 0€, especificamente para o transporte metropolitano de Ourense. Esta escasa ou nula predisposición dos responsables do Partido Popular na Xunta súmase á difícil situación que atravesamos o sector de transportes de viaxeiros e ás presións que “supostamente” están exercendo algunhas empresas ou algunha empresa en particular para que non se poña en marcha o transporte entre a Comarca e a cidade e para que esta sexa un obxectivo difícil de acadar. A pesar das boas palabras do señor Freire, que vostede sempre ten para este proxecto, e de que vai a apoiar a moción socialista, como dixo na Comisión Informativa, botamos de menos unha involucración real e efectiva señor Freire, queremos que nos diga que fixo vostede polo transporte metropolitano nos últimos anos, que fixo vostede como Alcalde de Barbadás. Resulta máis que evidente que ten, que sen consignación orzamentaria e sen que tanto a Directora Xeral de mobilidade, coma os técnicos do departamento se poñan a traballar darlle forma de realidade o transporte na área metropolitana vai ser moi complicado. Anticipándonos ó que pode defender o señor Freire ou atacar neste caso seguramente, afirmando que o Concello de Ourense quedou en transmitirlle á Xunta unha contraoferta temos que dicir unha vez máis isto é unha falsidade, falsidade, interrompéronse as negociacións unilateralmente por parte da Xunta, non se retomaron dende o mes de marzo, xa lle digo que recentemente houbo un contacto, unha primeira toma de contacto con Helena de Santos, pero iso non é suficiente, iso non é desbloquear as negociacións, non é sentarse a falar do transporte metropolitano. Dende o Concello de Ourense existe, existiu e existirá, volvemos a repetir unha vez máis aquí neste e noutros ámbitos, unha predisposición total e absoluta. Seguemos asegurando que detrás da dilatación no tempo no transporte metropolitano, atópanse os intereses dalgunha gran empresa con mente empresarial pequena. Vostede mesmo señor Freire o viña a recoñecer o pasado xoves na Comisión Informativa previa ó Pleno, pero esa xa non é unha cuestión política, os políticos que están gobernando teñen a última palabra para que a empresa se cinga ás condicións legalmente esixibles, porque ós cidadáns, é dicir, ós usuarios do bus, non teñen porque padecer as consecuencias da mala xestión dos seus gobernantes á hora de desbloquear a





solución deste problema. Vostede recoñecía que o propio empresario desta empresa a innomeable, noméela vostede se quere, non lle interesa poñer en marcha o transporte metropolitano, é o que veu a insinuar.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu non dixeran así, non, non, non,

**A sra. Morenza toma a palabra:** Ou que non lle interesa nesta situación como está actualmente, iso é o malo que teñen as Comisións Informativas, verdade que si Serafín, que non se recolle o textual, entón o Alcalde nas Comisións informativas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O Alcalde non di que non lle interesaba á empresa.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vostede recoñeceu que a empresa ten unha mente pequena para levar a cabo un proxecto deste tipo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Esa é outra historia.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Iso é o mesmo que dicir que non lle interesa.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso é distinto.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Bo non imos a meternos nas palabras textuais, a reflexión é a mesma.

**O sr. Manuel García toma a palabra (PP):** Falamos de que teña unha mente pequena, pero era comparada cos autobuses de Ourense que podían chegar a un acordo para vir a A Valenzá, pero non que non quixera poñer o metropolitano.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Está claro que existen presións por parte desa pequena gran empresa para que se poña en marcha o transporte metropolitano, está aí, iso está aí, sabémolo todos, o que pasa é que vostedes non queren aparecer publicamente nunha acta dicindo iso, normal.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O que si lle digo é que esa empresa, eu deduzo, que non é así coma vostede di, mais ben todo o contrario, porque esa empresa sería a máis beneficiada, porque se ten máis viaxes, se ten máis viaxeiros, ten máis volume de negocio.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vostede terxiversa a información, vostede, pedímoslle señor Freire que non trate de terxiversar, porque terxiversa sempre, as cifras e os datos asegurando que Ourense ten o problema dentro, porque vostede tamén dixo na Comisión Informativa que Ourense teríalle que pagar 300.000 € ó ano en caso de que se rescindira a situación actual da concesionaria.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso é o que oín en distintas reunións.

**A sra. Morenza toma a palabra:** É mentira, os nosos datos indican que iso é mentira, onde sacan esa cifra, iso si que non é oficial e vostede dio





**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso se comentou en montón de reunións, se é verdade ou se mentira, non o sei.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Si, non son actas públicas, entón non interesa, deixe de desviar a atención cara o lugar equivocado e centre ben antes de intentar marcar un gol señor Alcalde, non culpabilice ó Concello de Ourense dunha situación que temos responsabilidade todos, tódolos grupos políticos, tódolos gobernantes, tódolos alcaldes, incluso os do Partido Popular, que puideron poñer en marcha o transporte metropolitano hai anos, non o puxeron, entón un pouco de parte de culpa temos todos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do BNG.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Só referíndome á última intervención do señor Alcalde no inicio do Pleno, a urxencia das mocións quen debería de determinalas en todo caso serían son os grupos que as presentan, que somos nós os que presentamos a iniciativa, non o grupo de goberno que o único que ten que limitarse é aceptar ou non a debate político as propostas da oposición, punto final, e non faga análises e criterios subxectivos do noso traballo político, en tal caso debátao en Pleno, pero non nos veña cernar a posibilidade de debatelo nin sequera, iso sobre as mocións de urxencia. Centrándonos no transporte metropolitano, isto xa ven de vello, xa antes do 2005 se falaba de elaborar un transporte metropolitano non só na Comarca de Ourense, senón tamén para a área de Vigo-Pontevedra, Ferrol-A Coruña e en todas as capitais do País, pero cando realmente se lle deu un pulo importante a este transporte metropolitano foi entre os anos 2005 e 2009 cando gobernaba a Xunta de Galicia o chamado goberno bipartito. Elaborouse un proxecto que se presentou neste Concello que veu a Pleno, acórdome porque o debemos ter todos na casa, onde se establecía un proxecto con rotas, con frecuencias, con paradas, con transbordos, os custos dos elementos materiais que se había que pór en cada unha das paradas, que se ían a douscentos e pico mil euros, unha tarxeta metropolitana que permitía o transbordo de autobuses no espazo dunha hora sen custe engadido, todo isto estaba elaborado, todo isto estaba feito, pero como vou dicir máis tarde resultou acabou todo en un fracaso e vou dicir porque acabou todo nun fracaso, ¿que sucedeu para que non funcionase?, primeiro: adxudicación das liñas da periferia de Ourense, como dicides vós na vosa moción. A adxudicación das liñas da periferia de Ourense remataban, de Ourense e de toda Galiza, remataban no ano 2010, ben, chega ó Goberno da Xunta o Partido Popular e decide prorrogar por dez anos todas as concesións de Galiza sen melloras de frecuencias, nin de prezos, nin de posibilidade de facer transporte metropolitano, ¿cal foi o único criterio que seguiu a Xunta de Galicia, Núñez Feijóo?, non o sabemos,



pero todos podemos sospeitar un criterio de aproveitamento propio para o Partido Popular, e para as empresas afíns, para os seus amigos, porque senón non se entende como se prorroga por dez anos unhas concesións que estaban absolutamente anticuadas, que as empresas concesionarias non cumprían en moitos casos, e claro hai que, a galiña dos ovos de ouro é Barbadás, loxicamente, porque non funciona o transporte metropolitano en Ourense, por Barbadás, e en menor medida polo Pereiro e por San Cibrao, pero aí o quid da cuestión é Barbadás. O transporte metropolitano ca cidade non vai a funcionar mentres non entre A Valenzá, esa é a cuestión, e por iso houbo unha sentenza xudicial no ano 2006, que foi o que levou todas aquelas mobilizacións sociais e veciñais en contra de Freire Couto, pola súa nefasta xestión política pola súa desidia, pola súa negligencia á hora de negociar ca empresa Anpian esta liña de concesión, todos lembramos o que pasou no ano 2006 e 2007 neste Concello, ¿cales son as consecuencias que estamos sufrindo os veciños de Barbadás?, pois que por exemplo para o ano 2015 vaise a gastar en bonobuses e en transporte da xente de A Valenzá 144.000 €, 144.000 € que se multiplicamos por sete anos que levan funcionando estes bonobuses sumaría 1.296.000 €, esta é a maneira que tivo o señor Freire Couto de agochar o problema do transporte no noso Concello, pondo diñeiro público 1.296.000 €, para tapar a súa negligencia e a súa falta de traballo político. Por certo nas Resolucións de Alcaldía que se nos pasan neste mes, ven unha modificación de crédito por valor de 32.000 € a engadir á partida orzamentada que estaba para o ano 2014 para bonobuses, é dicir, é de supor que a cantidade realmente adicada para o transporte público en Barbadás nos últimos nove anos, supera con moito 1.300.000 €, porque só nun ano superou 32.000 €. Ben, tiña establecido o custe plurianual aquel proxecto de transporte metropolitano tiña establecido as paradas que tiña que facer a liña que pasase por Barbadás dende Ourense ata a parada das Lagoas, que establecía cinco paradas e ademais establecía un custe para os Concellos que participaba neste transporte metropolitano que ía ir incrementándose en función da poboación existente, e para o Concello de Barbadás creo lembrar que para o ano 2020 era algo así como 240.000 € de custe, porque establecía aquel informe por exemplo, que a poboación de Barbadás ía a superar as 20.000 persoas, que non creo que cheguemos por causa do que pasou co boom inmobiliario, pero si superaba as 20.000 persoas o custe ía estar rondando os 240.000 €. A realidade é que as concesións administrativas que remataban no ano 2010, prorrogáronse 10 anos sen ningún tipo de mellora para os veciños, unicamente houbo unha negociación encuberta para arranxar o problema do transporte escolar, que era un problema grave que tiña enriba da mesa a Xunta de Galicia, e para saír do apuro e para solucionar o problema do transporte escolar, prorrogóuselle por dez anos a todas as empresas



concesionarias do País as liñas existentes, entre elas a que mantén Anpian entre Ourense e a Baixa Limia. Por que non funcionou este transporte metropolitano programado no goberno bipartito, e aprobado e despois levado á Xunta de Galicia posteriormente como dicías ti, no primeiro goberno de Núñez Feijóo, porque os alcaldes do Partido Popular vetaron á aprobación deste proxecto, entre eles Freire Couto, houbo reunións entre o goberno bipartito, houbo reunións antes do ano 2009, durante o goberno bipartito, houbo manifestacións públicas nos medios de comunicación, houbo concentracións e reunións, por favor no, está na hemeroteca dos medios de comunicación, de todos os alcaldes do Partido Popular limítrofes ca provincia de Ourense, onde se impedía que este proxecto se levase adiante, entre eles Freire Couto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Móstrame vostede iso, móstrame vostede onde está iso.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** No goberno bipartito ano 2009, vostede se reuniu con alcaldes do Partido Popular dos Concellos limítrofes con Ourense, que eran todos do Partido Popular, agás Punxín, quero lembrar que Punxín era socialista.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xamais se vetou iso para nada.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Xamais, xamais, xamais, si nunca, vostedes nunca fan nada, mire na prensa porque vostedes vetaron, vostedes se reuniron e vetaron aquel proxecto na Xunta de Galicia, porque non estaban conformes coa condicións que se lles expuñan para este transporte metropolitano, porque vostedes non podían asumir o custe político que podía ter un transporte metropolitano aprobado polo goberno bipartito, non o querían sabían que había eleccións no ano 2009

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non sexa demagogo, por favor

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Demagogo é vostede porque aquelas reunións foron certas, ademais saíu nos medios que vostedes se reuniron en Santiago.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós estivemos sempre apoiando aquilo, nós sempre apoiamos a todos os gobernos que intentaron poñer en marcha o transporte metropolitano.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** En vistas de que cambiase o goberno porque era un proxecto que non se lle podía vender ó goberno bipartito, e puxeron todos os paus nas rodas que puideron para que aquel proxecto non fora adiante, e agora o problema que hai enriba da mesa como dicía Victoria, aínda que non quería nomear á empresa. Mire o problema das empresas concesionarias é o mesmo problema que todas as empresas do mundo que se rexen por un único criterio que é o criterio do lucro, beneficio propio, dende logo Anpian nin ningunha empresa concesionaria vai facer nada en favor dos veciños deste Concello, nin hoxe nin nunca, co cal se a administración pública non lle para os pés e



non establece unhas medidas para evitar desmáns e abusos, e máis, cando a administración pública é cooperadora en eses desmáns e abusos por parte das empresas concesionarias como pasa en Barbadás temos o que temos, claro, se en vez de velar polos intereses dos cidadáns pómonos de parte das empresas como pasa en Barbadás, no caso da recollida do lixo, no caso da xestión da auga, no caso da privatización das augas públicas, no caso da xestión de cobranza de impostos, no caso da xestión do transporte público, nos poñemos de parte dos empresarios en vez de parte dos veciños pasa o que pasa. Só vou rematar dicindo unha cousa, Deus nos libre, eu case prefiro que non saia adiante este proxecto, que é moi bo para os cidadáns, pero Deus nos libre de que o faga o Partido Popular, Deus nos libre, sabendo como fai esta xente, e cales son os criterios que teñen á hora de facer concesións públicas, ou acordos coas empresas privadas que o único que rexe é o beneficio persoal das persoas que asinan eses contratos, porque así o sabemos non só en Galiza, en todo o Estado Español, e exemplos temos miles, Deus nos libre que o Partido Popular negocie o transporte metropolitano coas empresas de Ourense e da área metropolitana, Deus nos libre.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, imos ver teño, que dicir contundentemente que vostede todo o que dixo con relación co Alcalde de Barbadás e a Corporación de Barbadás vetou

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Alcalde, non dixen Corporación, vostede.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois o Alcalde, que vetei calquera tipo de acordo en relación co transporte metropolitano, perdón agora estou falando eu.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Xunto co Alcalde de Toén, co Alcalde de Cea, coa Alcaldesa do Pereiro, coa Alcaldesa de San Cibrao

**O sr. Alcalde toma a palabra:** É radicalmente falso, xamais.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** As presións que se recibían na Xunta eran falsas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A min en primeiro lugar ninguén me presionou para nada, ninguén me chamou dende a Xunta nin de ningún lado, é máis eu alí nas reunións que tivemos, tiven algún encontrón político con algún dirixente político, precisamente polo que vostede acaba de mencionar antes, por haberlle prorrogado as concesións administrativas ás empresas, iso si é verdade e dou fe e podo demostralo co testemuño dos alcaldes que estaban alí, iso si é certo, en primeiro lugar iso, en segundo lugar dicir que fixen, pois mire, nós dende que se puxo en marcha este proxecto estivemos en todas as reunións apoiando o transporte metropolitano; pero como que non, vaimo vostede a min dicir, estivemos, tomamos os acordos pertinentes no Concello, tanto no tema da frecuencia que se propuxo cando gobernaba o bipartito, como cando non gobernaba, no dos pagos que lle había que facer neste



caso ó Consorcio, en todo, estivemos en todas as reunións tomamos aquí todos os acordos, estivemos sempre a favor, e seguimos estando, e nós lle imos votar a favor, pero non é un tema que nós, por desgracia podamos solucionar nós sós, e nós estivemos sempre no tema, e seguimos estando, e desexamos que canto antes se poña en marcha, e é máis lle fago outro comentario ó respecto, mire a última vez que estivo o Presidente da Xunta en A Valenzá, están os meus compañeiros de testemuños, unha das reivindicacións que se lle fixo alí foi esta, é máis foi a primeira, que quere que lle diga eu non podo facer máis, así de sinxelo. Non imos discutir quen é o pai da criatura o que temos que discutir é o argumento real, que nós sempre estivemos a favor e seguimos estando.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois imos a discutir de argumentos. Vostede fala de que lle insistiu ó Presidente da Xunta neste tema, pero nós lembrámoslle que xa o 30 de agosto de 2013, xa trouxemos a Pleno unha moción para activar o transporte metropolitano, para activar a primeira fase, para que non se produciran discriminacións entre uns veciños e outros do Concello de Barbadás, xa en 2013 señor Alcalde en agosto, entón vostede ten peso político, ou non ten peso político, porque se vostede lle insiste ó señor Presidente da Xunta en que este proxecto é importante para a Comarca de Ourense, para Barbadás, para a cidade de Ourense, entón non lle fai caso, aprobamos mocións en Pleno que quedan en papel mollado.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é cousa dun só.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Aprobamos mocións en Pleno que quedan en papel mollado, aquí nesta moción.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Morenza non é cousa dun só isto.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero vostede ten que presionar, señor Alcalde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero xa presiono, xa o fago.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois se ve que non lle fan caso, e máis lle quero dicir, vostede xa presionando ó señor Feijóo, ou faio moi mal ou non lle fai caso, ou non sabemos o que falla aí, falla a comunicación, non sabemos, pero vostede o que está na súa man non o cumpre señor Alcalde, porque vostede quedou e tiña consignado nos orzamentos en que se ía a poñer en marcha unha rebaixa no prezo do billete en Parada e en Piñor e aínda non se fixo señor Alcalde, cando vostede vive a carón da empresa concesionaria, señor Alcalde unha moción aprobada no 2013.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estamos falando de se se pon en marcha isto dunha vez.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Si, estamos falando de transporte metropolitano, e se falamos de transporte metropolitano falemos de consignación orzamentaria que a iso non responde porque non



ten argumentos, porque na Xunta dise que se adican a Ourense 8,6 millóns para a posta en marcha do transporte metropolitano, en Vigo, Pontevedra e en Ourense, as tres cidades que non están gobernadas polo Partido Popular, que coincidencia que sexan estas as únicas tres cidades que non están gobernadas polo Partido Popular as únicas que non teñen en marcha o transporte metropolitano, a vostede non lle parece coincidencia, isto non é politiqueo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vostede porque non lle da a volta ó argumento, porque é así, se a Xunta xa dixo que o ía a poñer en marcha, polas trabas que poñen os respectivos concelleiros ou alcaldes

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non hai vontade política señor Alcalde, e vostedes adican no orzamento que quedará no papel no orzamento 2015, 8,6 millóns para a posta en marcha do transporte metropolitano en tres cidades que vostedes levan boicoteando e bloqueando que non se poña en marcha, e só para a Comarca de Ourense, para o transporte metropolitano de Ourense hai que destinar 6,5 millóns de euros pero a vostedes non lle saen as contas, é mentira, mentira, mentira que vostedes teñan consignación orzamentaria. Tamén nos gustaría que nos explicara agora na segunda intervención, porque non se puxo en marcha o transporte metropolitano en Parada e en Piñor, e despois tamén lle quería dicir que vostede alardea que asistiu a todas as reunións, que defendeu os intereses dos Barbadenses, pois mire non, hai reunións ás que non asistiu, porque o meu compañeiro Xosé Carlos Valcárcel asistiu a unha reunión coa Conselleira en Santiago e era el o único representante de Barbadás nesa reunión.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non estaría entón eu convocado.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero entón non diga, todos os alcaldes

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, eu as que me convocaron e as que souben fun sempre, esquézase

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non diga que non asistiu, non diga que asistiu sempre. E despois gustárame que explicara a diferenza entre vetar e boicotear, porque ó mellor vostede non o vetou pero boicoteouno o proxecto, explíquenos a diferenza, o mellor é que hai algunha pequena diferenza que se nos escapa a nós.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero en que se basea vostede para dicir iso.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Home se vostede non asiste ás reunións ca Conselleira, non estamos falando en reunións coas empresas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu asistín a todas as reunións que fun convocado. Aquela reunión que vostede fala ó mellor non me invitaron, eu ás que fun convocado fun a todas.



**A sra. Morenza toma a palabra:** En 2008.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Señor Freire estaba invitado, o podo falar eu agora, porque si que acudín e vostede estaba invitado e había alcaldes do Partido Popular e foi na Consellería de infraestruturas exactamente naquel momento, e había alcaldes do Partido Popular e foi unha mañá completa, unha xornada completa na que se poñía en marcha, na que se falaba do proxecto detalladamente, polo miúdo, e vostede non estaba, nin vostede nin o Tenente Alcalde. En outras ocasións tamén dou fe, bo dou fe non iso lino na prensa, de que vostede non estaba e estaba o Tenente Alcalde, facendo deixamento das súas funcións.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do BNG.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Do proxecto da igual quen é o pai da criatura, pero moitas cousas cambiaron dun proxecto a outro, e tamén cambiou do proxecto do bipartito a este último que presenta o Partido Popular. Por exemplo estaba prevista a constitución dun consorcio coa participación de empresas concesionarias e tamén dos Concellos participantes, antes todos os Concellos tiñan o mesmo peso, un peso relativo en función da poboación, pero a suma dos Concellos nunca era superior ó 50%, para que ningún grupo político puidera condicionar a aprobación deste transporte, sen embargo agora co proxecto que presenta o Partido Popular máis do 50% do peso dese consorcio, pertence única e exclusivamente ó Concello de Ourense, por iso nós sempre imos a ser subsidiarios en todo tipo de negociacións do Concello de Ourense porque vostedes o quixeron facer así, porque se vostedes exerceran autonomía municipal que lles é permitida terían defendido os intereses deste Concello, porque isto non é Ourense, non temos que depender de Ourense absolutamente para todo, para todo, porque isto é como un barrio, por iso é mellor que se disolva Barbadás e que nos integremos directamente no Municipio de Ourense, e iso tamén cambiou co goberno do Partido Popular. E despois que vostede vai por aí dicindo cando ven Núñez Feijóo a visitarnos, ou cando ven un Conselleiro ou Conselleira que ven a defender o transporte metropolitano, mire dos seu brinde ó sol estamos acostumados, porque xestión ningunha, traballo ningún, pero agora que anuncios e brindes ó sol e reivindicacións para Barbadás é o único que temos, e cando ven un Conselleiro nos di que vai facer un instituto, cando ven unha Conselleira nos di que vai facer un Centro de Saúde, cando ven outro Conselleiro diferente di que vai arranxar a estrada dende Barbadás ata as Escorregas, ata A Valenzá, cando ven outro Conselleiro diferente di que vai sanear as augas, así están, e así, e agora di isto tamén co transporte metropolitano. Unha cousa é o que vostede di na presa de cara á galería e outra cousa é a realidade do seu traballo, e vostedes como agochan todo isto, xa o dixen antes con





1.300.000 euros que pagamos os veciños de Barbadás para tapar as súas incompetencias políticas á hora de xestionar por exemplo este transporte metropolitano, nós vamos a votar a favor da moción, tamén queremos que funcione, manifestando todas as reservas que dixen antes.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois mire como nós tamén vamos votar a favor, eu non vou a perder un minuto máis en debater algo en que estamos de acordo todos, independentemente das salvidades que vostedes dixeron e puntualizaron que dende o seu punto de vista son incorrectas e incertas, pero dentro disto nós ímoslle votar a favor non lle imos a contestar máis. Pois non se puxo en marcha porque estamos pendentes isto, canto antes mellor, é o que pretendíamos e pretendemos, canto antes se poña isto mellor evitamos ter que andar facendo parches, iso é un parche.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vou só a facer unha breve intervención final á que teño creo que teño dereito. Para nós o transporte metropolitano de Ourense, sabe Deus como di o compañeiro Fírvida cando se porá en marcha señor Alcalde, entón os veciños de Parada e de Piñor quero que o diga e que conste en acta, ¿van ter que esperar á posta en marcha do transporte metropolitano? ou vostede ¿vaille facer a rebaixa no prezo do billete?, para nós isto é serio, vostede responda, ¿vaino poñer en marcha?, ou ¿vamos a esperar cinco anos máis?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vouna inquietar máis home, vouna inquietar máis aínda, se antes das eleccións non se pon en marcha iso vaise levar a cabo en Piñor e en Parada. Se antes das eleccións non se pon en marcha o transporte metropolitano os veciños de Parada e de Piñor van ter a rebaixa.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois iso é o que queríamos nós, un compromiso político, porque aquí vimos facer política señor Alcalde e defender os intereses dos cidadáns

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O compromiso queda aí asumido, non se preocupe

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois claro que si, un punto máis para os puntos, mire só ten dez puntos no seu programa electoral, así pode ter once, que sorte, e todo gracias ó Partido Socialista.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Acabouse o debate por favor, votos a favor da moción, creo que é unánime, co cal queda aprobada por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:  
**“Moción do PSdeG-PSOE para esixir á Xunta que poña en marcha o transporte metropolitano en Ourense e Comarca:**

**- Esixir á Xunta que cumpra o compromiso de pór en marcha o transporte metropolitano en Ourense no prazo comprometido.**



- Instar ó Executivo galego a desbloquear as negociacións co Concello de Ourense, practicamente paralizadas dende marzo de 2014.”

#### 4- MOCION DO PSdeG-PSOE PARA QUE SE APLIQUEN CLÁUSULAS SOCIAIS EN TODAS AS CONCESIÓN E CONVENIOS QUE ASINE O CONCELLO DE BARBADÁS.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á seguinte moción do Partido Socialista que é a número 4 para que se apliquen as cláusulas sociais en todas as concesións e convenios administrativos que faga o Concello de Barbadás. Ten a palabra o seu voceiro.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** A crise económica e a reforma laboral propiciada polo goberno de Rajoy e o Partido Popular provocan que moitas empresas actúen de xeito pouco responsable e incluso insolidario no que atinxe ó cumprimento das súas obrigas cos seus empregados e empregadas.

Isto ocorre tamén naquelas empresas que teñen subscritos contratos coa administración para prestar servizos que son externalizados polos gobernos locais. A importancia que ten a contratación pública no conxunto da economía é moi alta, chegando a representar preto dun 25% do PIB. Este feito fala por si mesmo sobre a transcendencia da aplicación de cláusulas sociais, éticas ou ambientais nos contratos e convenios que formaliza a administración. A introdución de cláusulas sociais debe servir para cambiar certas actitudes das empresas que se resisten a avanzar na aplicación de normativas que sen ser obrigatorias contribúen a fortalecer a igualdade de sexos e a avanzar na aplicación de políticas sociais e tamén, fundamentalmente, na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras evitando, por exemplo, o impago de nóminas. Estas circunstancias tamén se dan en Barbadás. Na actualidade, a empresa que ten a concesión do servizo de limpeza en todos os edificios, dotacións e instalacións de responsabilidade municipal, incluídos os colexios e os centros de saúde, e fago mención explícita destes dous tipos de organismos e de dotacións porque representan unha actividade fundamental para a cidadanía, e que en caso de folga ten unha repercusión básica, está incumprindo as súas obrigas coas operarias no que atinxe ó pago das nóminas. Estamos falando actualmente de 10 persoas que perciben salarios máis ben escasos, algún deles non supera os 150 € mensuais, e incluso son máis baixos, pero que axudan a superar unha situación familiar moitas veces difícil. Os incumprimentos coas traballadoras empezaron no mes de outubro do ano pasado, dígoos aquí pero refírese ó ano 2013, con pequenas incidencias no pago das nóminas. Estas anomalías van en aumento de xeito que as nóminas de xullo e agosto de 2014, que é onde xa se agranda o problema, non son aboadas ás empregadas ata o



mes de setembro. A partir de esa data os atrasos son sistemáticos e continuados provocando unha folga na empresa. A día de hoxe a empresa aínda ten pendente de pago o 50% do salario do mes de novembro e sinalar tamén que a extra de Nadal, que tiña que ser aboada o 22 de decembro, só foi pagada parcialmente, as operarias naquel momento só percibiron o 30% da citada paga. Ó parecer esta situación vai a seguir así, segundo indica a empresa, ata de marzo do ano en curso. Todos estes atrasos repercuten directamente no día a día das traballadoras que teñen que facer fronte e de forma exquisitamente puntual coas súas obrigas, pagando hipotecas, alugueres, etc e que ven como a súa calidade de vida empeora de xeito moi importante, e no Grupo Municipal Socialista consideramos que esta situación é absolutamente intolerable en calquera empresa, pero moito menos nunha empresa que presta un servizo para o Concello de Barbadás e que percibe puntualmente o importe establecido e estipulado no convenio. Pero non é menos certo a situación que sofren actualmente as traballadoras de Linorsa tamén afectan as súas condicións laborais, e dificultan o desempeño do seu traballo con calidade, en ocasións de xeito digno para as operarias, e voulle enumerar unha serie de anomalías por chamarlle de forma suave ó que está ocorrendo nesta empresa, que vostedes teñen absolutamente deixada da man de Deus, abandonada e sen control, e vostede sábeo, porque as traballadoras lle dirixiron un escrito recentemente: non hai auga quente na Casa do Concello, Casa da Xuventude, Casa da Cultura, Centro Empresarial, o novo local social de Bentraces e no colexio do Ruxidoiro, é dicir, teñen que desempeñar as súas tarefas de limpeza con auga fría, co que iso representa para limpar baños, por exemplo, e para desinfección de lugares que son utilizados por cativos, non hai auga quente, eu falei coas traballadoras, e hai un escrito presentado polas traballadoras o día 9 ó Concello. Non existe máquina para limpar a cancha do Polideportivo e tense que facer con fregona, é de risa francamente, é de risa, patético literalmente, patético. Unha empregada, unha operaria que teña, unha operaria que é a que está no Polideportivo que teña que pasar a fregona, a mopa, para unha cancha coma a do Polideportivo. Hai centros de traballo no que se reduciu a xornada laboral, o Centro Empresarial Transfronteirizo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Axustouse.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Reduciuse, axustouse, nunca é á alza, e voulle dicir agora porque digo isto, en todos os edificios ten aumentado considerablemente o número de usuarios, o Centro Empresarial é un deles, de usuarios e de servizos, manténdose as mesmas horas de traballo das operarias de limpeza, e como di vostede a pesar do número de usuarios en aumento, e das actividades en aumento, “se reajustó” á baixa, iso é o que lle chaman vostedes axuste, chámelle recorte, como fai



o señor Rajoy. Esta situación resulta especialmente alarmante no Centro de Saúde de A Valenzá, que tamén se recortou a xornada laboral, e no Ruxidoiro e na Casa da Cultura, tamén se recortaron aí, a xornada laboral. Mentira non, falen cas operarias, eu transmito o que sei. As traballadoras en moitas ocasións están realizando labores que non lle corresponden, refírome á limpeza de vidros, entre eles o Polideportivo probablemente. Esta actividade ten que se desempeñada por un operario ó efecto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Perdón, non sei no Polideportivo, pero ven, e iso dou fe porque o vexo, ven unha empresa a limpar os vidros.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu iso non o vou a discutir, pero que si se lles indica ás operarias que tamén limpen os vidros habitualmente, e as operarias o único que teñen que facer é limpar ata a altura onde chegue a súa man e vinte centímetros máis arriba, non máis, é así, é así o que hai. A empresa non cobre as substitucións por baixas ou vacacións axeitadamente, dado que habitualmente manda a unha persoa ou operaria da citada empresa pero resulta que lle reducen a xornada, ou sexa, cando se vai facer unha substitución ou cando se cobren vacacións resulta que a operaria que acode a ese centro de traballo, se ese centro de traballo tiña que facer dúas horas pois non cumpren cas dúas horas, redúcese esa xornada.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non me consta a min iso.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non, xa sei que non lle consta, iso non me cabe a menor dúbida, vamos, porque hai descontrol e vostedes fan unha concesión, asíana e despois non hai ningún tipo de supervisión, ningunha. Hai centros de traballo situados en A Valenzá, non vou dicir cal, que as operarias se ven obrigadas a acudir fóra da súa xornada laboral, facendo horas extras non contempladas no contrato e sen remuneración, e diso Chelo debería sabelo, iso é verdade, vouno dicir, no Polideportivo Chelo, no Polideportivo a operaria tivo que acudir polo menos tres ou catro veces en domingo, cando a súa xornada laboral é de luns a sábado de oito horas, acudiu non sei se tres ou catro veces, ó Polideportivo a traballar en domingo obrigada polo responsable, coordinador, xerente ou xestor, ou como lle queiramos chamar, obrigada porque resulta que os futbolistas, os xogadores non podían facer uso dos vestiarios do campo de fútbol, e tiveron que facer uso dos vestiarios do pavillón, e entón esa persoa viuse obrigada acudir a facer o servizo de limpeza fóra da súa xornada laboral en domingo e sen remuneración. Todas estas incidencias sumadas ó feito do impago das nóminas teñen que obrigar ó Concello a tomar medidas contundentes en relación á empresa que presta o servizo, contundentes e definitivas. Hai que sinalar que moitas administracións públicas xa teñen posto en marcha cláusulas sociais en diversos convenios dentro do seu ámbito de actuación, como poden ser os



Concellos de Oviedo, Bilbao, Girona, Getxo, Pamplona ou a Deputación de Lugo, e menciono todas estas, seguramente que hai moitísimas máis, porque son administracións de distinto corpo político, o Concello de Pamplona creo que está gobernado por UPN, o Concello de Oviedo polo Partido Popular, o de Girona agora mesmo non o sei, creo que polo Partido Socialista, o de Getxo e o de Bilbao polo PNV seguramente, e a Deputación de Lugo polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Teñen que aceptar todos estes grupos políticos, todos nós, todas as corporacións deben aceptar e asumir o reto de ter en consideración na contratación pública os criterios de índole social, éticos ou medioambientais, e no Grupo Socialista somos conscientes de que este tipo de condicionantes non son obrigatorios, pero tamén é certo que segundo a sentenza do Tribunal Supremo do 23 de maio de 1997, a administración non está obrigada a aceptar o mellor prezo, senón a oferta máis favorable para o interese público, e tamén existe unha directiva da Unión Europea en concreto a 2004/18 que indica textualmente “que os poderes adjudicadores poderán esixir condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estas sexan compatibles co dereito comunitario e se indiquen no anuncio da licitación e no prego de condicións, as condicións nas que se execute un contrato poderán referirse en especial a consideracións de tipo social ou medioambiental”. En base a toda esta exposición o Grupo Socialista reclama implantar cláusulas sociais en todas as concesións, convenios e demais operacións que realice o Concello de Barbadás de xeito que se garanta que a concesionaria cumpra coas súas obrigas laborais cos traballadores, e o segundo aspecto é que para este caso concreto, iniciar un expediente sancionador contra a adjudicataria do servizo. E fago fincapé neste asunto porque eu creo que en Barbadás, como dixen antes os colexios e o Centro de Saúde límpaos Linorsa, entón nun momento que haxa unha folga que sexa prolongada, a repercusión que pode ter sobre a salubridade e sobre a sanidade dos usuarios vai a ser moi grave, e non estamos libres a día de hoxe de que esa folga se produza.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG.

**O sr. Fívica toma a palabra:** Estamos acostumbrados neste Concello o incumprimento reiterado das condicións establecidas nas cláusulas das concesionarias públicas, e por que este incumprimento, porque aquí sucede unha cuestión, as concesións coma ti manifestabas na última parte da túa intervención e conforme con esas leis que citaches, non se dan unicamente con criterio económico, tamén deberíanse dar con criterios sociais, criterios non só de menos custes, senón tamén de prestación de servizos, e aquí o criterio que se segue non é nin sequera ese criterio, é o criterio de aproveitamento persoal, aquí as concesionarias se non se lles tira un rendemento persoal non van a



conseguir nada, pasa igual na limpeza coma no resto, só vou poñer un exemplo, a empresa Aquagest que é concesionaria neste Concello de todo o ciclo da auga, de abastecemento e saneamento, está situada nun baixo que é propiedade do Tenente de Alcalde, isto en un concello democrático calquera sería unha causa suficiente para ter dimitido, o que pasa é que neste Concello non se fai nada diso, entón nós aproveitamos de que as empresas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Equivocouse dámolo todos por feito

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Do Alcalde, perdón, do Alcalde tanto ten. Isto sería causa suficiente para ter dimitido, porque é un aproveitamento persoal dunha concesión pública que deches ti, en función da túa responsabilidade política esta clarísimo, pero este é o criterio que segue este Concello á hora de establecer contratas, e isto obriga despois a que non se fagan cumprir as condicións das contratas, como temos manifestado neste Pleno moitísimas veces, por exemplo na recollida do lixo, hoxe estamos no 2015, ¿presentouse algunha vez en todos estes anos algún informe anual que está obrigada a presentar esa empresa da xestión dos servizos que realiza?, pregunto, ¿presentou algún informe?, porque eu os teño solicitado e nunca na vida o presentou, así como moitos outros incumprimentos desas concesións, e isto é o que pasa en Barbadás, pero non só pasa co servizo de limpeza, servizo de limpeza que nos costa, eu estiven sumando todas as partidas de limpeza deste Concello e suman 197.800 euros, a limpeza dos edificios públicos de Barbadás. O ano pasado, xustamente no orzamento do ano 2014 houbo un incremento desmesurado nesta partida, unha parte dela era debido ó pavillón, pavillón de deportes que por certo empezou a funcionar en setembro, e sen embargo xa había partida para a limpeza dende o mes de xaneiro, pero moitos deles eran para edificios, por exemplo edificios educativos que duplicaba o prezo de limpeza como se xa tivéssemos un edificio educativo novo, é dicir, como se xa fóssemos a construír o instituto en Barbadás no ano 2014. Aquelas partidas duplicáronse o ano pasado e este ano suman 197.000 euros, que hai de transfondo en todo isto das concesións privadas dos Concellos, pois dúas cousas moi claras, primeira: a idea da xestión dos servizos públicos que ten a dereita española, os servizos públicos deben estar en mans de empresas privadas, porque eles xestionan mellor que os empregados públicos, e polo tanto para diminuír custes que despois se demostra coa práctica que non é certo polos incumprimentos destas empresas débese privatizar. E segunda cuestión a máis grave de todas, o aproveitamento en beneficio propio das concesións públicas que se realizan tanto en Galiza como no Estado Español, e esta é a causa sobre todo da maior parte do que pasa no mundo da política, das prevaricacións, e da corrupción e de todo iso, todo ven polas concesións públicas, e en Barbadás non somos exentos a este tipo de



problemas, e o que estás dicindo no da limpeza é exactamente o mesmo. Quixera saber por que razón a empresa Linorsa cobra 197.000 euros de Barbadás aumentando os custes ano tras ano e cada vez prestando menos servizos, curiosamente cada vez prestando menos servizos, recortando como dicía Xosé Carlos, recortando a prestación de servizos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Imos ver, en primeiro lugar empezando polo último, o que se incrementou é porque se incrementou o traballo obviamente, é máis, están reivindicando as traballadoras que aínda se quedan curtos os horarios que teñen para facer a limpeza que teñen que facer, pero en todo caso iso digamos é tema de outro momento. Na actualidade con relación a esta moción, vamos a ver, nós imos votar a favor do tema da cláusulas sociais, o que non vamos de momento o segundo punto que pon aquí, que se inicie un expediente sancionador, nós de momento non temos argumentos suficientes para inicialo, co cal se houbera algunha motivación para iso, obviamente que o iniciariamos, entón nós vámoslle votar a favor da moción, estamos de acordo, independentemente, estamos de acordo politicamente, agora sen ter en conta digamos criterios técnicos que moitos deles ó mellor que se queren incluír aquí son ilegais, pero nós ca filosofía de incluír cláusulas sociais nas próximas concesións que se fagan non temos ningún inconveniente.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Eu fago unha advertencia verbal, de que evidentemente no hai motivos para iniciar un expediente sancionador, polo tanto o acordo que se adopte, pero é que é obriga miña facerlle a advertencia, o acordo que se adopte non se vai levar a cabo. É que non se pode levar a cabo porque non se pode levar a cabo, porque para sancionar a unha empresa hai que ter un motivo. Nós xa o estudamos con carácter previo, e a día de hoxe, é dicir, queda clara a vontade política de que se implanten cláusulas sociais en todas as concesións, convenios e todo isto, repito as cláusulas sociais non teñen nada que ver co que vostedes expuxeron, o contido das cláusulas sociais, xuridicamente non é o mesmo, que vostede explicaron, e en segundo lugar o expediente sancionador, hai un acordo, volveremos a retomar a cuestión, e volveremos a chegar á mesma conclusión, de que polo feito de que non lle abonen as nóminas a uns traballadores, o cal é lamentable, se cumpren coa prestación do servizo que foi contratada por parte do Concello non se lle pode sancionar.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** En relación ó que di a señora Secretaria, eu estou disposto a cambiar a segunda parte do enunciado deste acordo, por: “iniciar un expediente sancionador habendo causa”, é dicir, iniciar unha investigación para verificar se se cumpren as cláusulas do contrato.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si, si, xa reiterou que xa o fixera, pero en todo caso volvemos a intentalo.





**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Segunda cuestión, vostedes utilizan os argumentos como lles conveñen señor Freire, vostede agora acaba de recoñecer que si que as usuarias, digo as traballadoras reclaman máis horas, pero decátanse porque o reclaman as traballadoras, non porque haxa unha previsión, vostedes saben que no nadal a Casa da Cultura vai a ser máis utilizada porque hai máis cativos e cativas que van utilizar durante esas datas a Casa da Cultura. Vostedes saben que a poboación deste Concello se incrementou substancialmente, pero resulta que as horas para a limpeza do Centro de Saúde é a mesma que hai dez anos, vostedes saben que o Ruxidoiro tiña cando se iniciou a súa actividade, 80 alumnos e que Linorsa lle asignou unha xornada laboral ás traballadoras de x horas, pero resulta que hoxe hai 400 usuarios no colexio do Ruxidoiro pero a xornada laboral segue sendo practicamente a mesma, non se está xestionando este tema, é dicir, vostedes teñen a obriga de facer previsións conforme se van aumentando as actividades e os usuarios e non o fixeron, e non o fixeron señor Freire. As traballadoras piden máis horas e vostedes fan caso omiso de todo iso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós cando conclúa o contrato, por suposto imos reconsiderar todas estas cuestións.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Unha pregunta que lle quería facer en relación a este tema. ¿Cando conclúa o contrato que previsión ten o Concello dirixido polo Partido Popular en relación ás traballadoras do servizo de limpeza destes edificios?, ¿vaise recuperar para o Concello? ou ¿vaise facer unha contrata?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Se estudará no seu momento, pero probablemente si

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Porque eu alerto dunha cuestión señor Freire, hai servizos, eu estou de acordo co que di o compañeiro Fírvida en canto á externalización dos servizos que considero que é nefasto, pero tamén e certo que no servizo de limpeza de edificios a xestión por parte dunha empresa ben levada, ben dirixida, e ben supervisada pola administración pública, ten os seus factores positivos, por exemplo esa empresa no caso de ter que cubrir baixas, vacacións e substitucións, pois terá ó seu dispor, ó dispor das traballadoras, inmediatamente unha traballadora, cousa que se probablemente o fai o Concello non ocorrería. Tamén digo que no caso de que o Concello nun momento determinado queira prescindir dunha traballadora que supoño que será persoal fixo non laboral, supoño que terá esa consideración, pódea despedir en calquera momento, mentres que no caso de ter unha concesión, a concesión unha empresa privada cando se finalice esa concesión as traballadoras subróganse na nova empresa, polo tanto olliño co que facemos con ese asunto, que neste caso as traballadoras da limpeza



teñen certos dereitos adquiridos no caso de estar nunha empresa privada, que non sei se os poderían manter no Concello, sendo xestionado polo Concello.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Somos conscientes desa situación.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non o sei, eu alerta sobre este asunto é que se faga unha análise polo miúdo do tema.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Se fará por suposto.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** E terceira cuestión, eu creo lembrar, ou polo menos así me informaron, lembrar non podo lembrarme que non estaba presente, que se dixo na Comisión que non era posible incluír cláusulas sociais nos pregos de condicións dunha concesión, pero vamos a ver, eu acabo de falar aquí de sentenzas do Tribunal Supremo.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Non se dixo iso.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** ¿Non se dixo iso?, a ver entón quero saber o que se dixo, a ver se rectificamos ou modificamos.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Non rectificamos, volvemos a repetir o que se dixo que foi mal interpretado. O que se dixo foi que o concepto de cláusulas sociais, porque o acaba de dicir fai un rato que están explicando vostedes non coincide exactamente co concepto legal, as cláusulas sociais por suposto son aquelas que fomentan o emprego de determinados colectivos que poden ser desde discapacitados, ata persoas en risco de exclusión social, ata mulleres, é dicir, hai unha gran variedade, agora o que non se pode introducir nun contrato é, daránselle máis punto á empresa que teña como intención aboar puntualmente as nóminas dos seus traballadores, é que iso é que é ridículo, dáse por feito que funciona así, e senón funciona así o traballador ten que ir a denunciar no xulgado, é dicir, nós podemos controlar a solvencia coa Seguridade Social, o cumprimento disto, obrigas tributarias, podemos, podemos no, temos que controlar a súa solvencia técnica, a súa traxectoria profesional, que fora unha empresa que como mínimo nos últimos tres anos prestara unha serie de servizos con satisfacción e con certificados de satisfacción en todo isto, agora o funcionamento interno da empresa desgraciadamente non podemos meternos, nós temos que mirar, préstase o servizo, si ou non, senón se presta expediente sancionador podendo incluso á rescisión do contrato que leva aparexada unha pena de imposibilidade de contratar coas administracións, con calquera administración pública por un prazo de cinco anos. Cumpre o servizo, si, non podemos entrar nos trapos da súa casa desgraciadamente, non podemos entrar, que ocorre, o único que se pode facer é unha labor de intermediación, que é o que se fixo dende aquí, chamar á orde ós representantes, ós xefes da empresa e dicirlle, pero ¿que pasa?,



que a xente ten que comer e ten que cobrar, é o único que puidemos facer, nós non podíamos sancionarlle porque nos estaban prestando o servizo, non sei como, pero alí estíbese limpando.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non se estaba prestando o servizo, porque probablemente á empresa non, ameazou o ameazaría ou obrigaría, esquezamos a palabra ameazar, obrigaría ás súas traballadoras a acudir ó posto de traballo, e de feito cando se convocou a folga houbo presións dende aquí, dende algunha persoa que está neste Pleno, houbo presións para acudir ó posto de traballo, Linorsa convocou unha folga, as traballadoras de Linorsa convocaron a folga, houbo folga de Linorsa, outra cousa é que en Barbadás. Vamos a ver cláusulas sociais si que se poden incluír, e cláusulas sociais por exemplo como as que se incluíron na Deputación de Lugo, que melloran as condicións ou que reclaman, ou que permiten que se melloren as condicións de traballo das operarias do servizo de limpeza na Deputación de Lugo, é así. Polo tanto, cláusulas sociais desa índole si que se poden incorporar, non só as que benefician a inclusión de sexos, a igualdade de sexos, nin a incorporación de persoas con discapacidade, hai moitísimas cláusulas éticas. Eu antes de vir a un Pleno eu intento informarme, e como digo o que fala a moción é de implantar cláusulas sociais, pero por exemplo eu teño documentación, que antes de vir léome as cousas, revistas en relación a este tema, por exemplo unha publicación presentada por unha secretaria dun concello, que é o Concello de Cardeña, Purificación Medina Jurado, que fixo un estudo sobre as cláusulas sociais nas contratacións públicas, retos e perspectivas, e fala explicitamente de que de acordo coa xurisprudencia, non fala porque “no, porque a mi se me ocorreu y considero yo”, ela di que conforme á xurisprudencia de ámbito europeo, e a xurisprudencia de ámbito europeo penso que é trasladable ó ámbito do Estado Español, creo que si, di que hai tres condicionantes para poder incluír cláusulas sociais no que son os convenios que estean relacionados co obxecto do contrato, que se anuncien no prego de condicións, aí vou, que se anuncien no prego de condicións, e no anuncio de licitación, e que non sexan discriminatorias directa ou indirectamente, polo tanto, se nun convenio aparte de anunciar no literal as condicións se trata por igual a todas as empresas, non é imposible impoñer unha cláusula de índole social, e incluso este estudo desta señora, desta tal Purificación.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O que hai que matizar é o que vostede lle quere chamar cláusulas sociais.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Claro, eu falo de cláusulas sociais as que permita a xurisprudencia. Eu traio aquí a Pleno este asunto, que é un asunto que atinxe ó Concello de Barbadás, que realmente afecta ás traballadoras, á súa vida cotiá, á súa situación persoal, pero aquí neste estudo desta señora,



desta Secretaria do Concello fai mención incluso a diversos tipos de contratos e pon exemplos varios, entón iso pódese aplicar ó Concello de Barbadás tamén.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois se estuda, non hai problema, cando se fagan as próximas se estuda, se é legalmente asumible

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Entón aquí o que pedimos o Grupo Socialista é: que se implanten cláusulas sociais en todos as concesións, convenios e demais operacións que realice o Concello de Barbadás, e que no caso concreto de Linorsa se faga unha investigación, se aperture unha investigación para ver se se incumpriron as condicións do contrato, e da concesión.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso xa se fixo, pero pódese reiniciar outra.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Todas estas anomalías que eu acabo de sinalar con relación á xornada laboral, que se incrementa a xornada laboral, que se lle obriga a algunha operaria a vir fóra da súa xornada en domingo, ó reducir sistematicamente o tempo de traballo, ó feito de que non cubrira axeitadamente as substitucións e as vacacións, non son motivo suficiente para abrir un expediente sancionador, agora pregúntolle á Secretaria.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso non é verdade, non se lle obrigou a ningunha traballadora a ir os domingos, nin nada polo estilo, se fora certo si.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Non, perdón, non, se se lle obriga a un traballador, o traballador terá que defenderse en vía laboral porque a relación é traballador-empresa, non ten nada que ver co Concello. Entón eu solicítolles e rógolles encarecidamente ó Partido Socialista que nos dea unhas suxestións para meter nos pregos de cláusulas de aquí ó futuro sobre cláusulas de carácter social que se lle ocorran que poidan ser necesarias para o noso Concello, porque o que esta Secretaría non vai facer, é poñer: será obrigatorio abonar o salario do traballador, porque o día que eu faga un prego así caeráseme a cara de vergonza, porque evidentemente é unha obriga de todo empresario abonar ó seu traballador. Ben pero se se lles ocorre, xa que vexo que están tan informados sobre a materia, non, non, no momento que teñan a ben para nós tomalo en consideración cara o futuro calquera idea será absolutamente ben recibida.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** O prego de cláusulas administrativas xerais de calidade social na contratación pública do Concello de Sevilla recolle no seu artigo 4 as condicións de obrigado cumprimento durante a execución do contrato que son as seguintes: Obrigas de carácter xeral: todo adxudicatario comprométese a cumprir durante a execución do contrato as seguintes condicións de legalidade ordinaria, primeiro cumprimento da normativa laboral, xa a primeira cousa que non están



cumprindo aquí as traballadoras de Linorsa, ou Linorsa perdón, as traballadoras non, Linorsa. Primeira cuestión: Prevención de riscos laborais, que eu saiba, traballar fóra de xornada; segunda cuestión, que o acabo de recordar tamén, isto vai dirixido tamén a Chelo que o debía coñecer, acábase de cambiar a situación do lugar onde gardan o material de limpeza no Polideportivo, acaban de desprazalo con un agravante de riscos laborais da operaria, son cousas deste estilo as que se poden ir incluíndo nun convenio, é certo que se pode facer iso, como acaba de mencionar o Concello de Sevilla.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** O Concello de Sevilla probablemente fará un prego de corenta follas, pero ten un señor dedicado única y exclusivamente a facer un prego deses, e entón en lugar de ser sintéticos se pon o evidente, cumprir a normativa laboral, claro, e coa Seguridade Social, e con a Facenda Pública.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Esa persoa está sumando as horas do domingo á súa xornada habitual, iso é o que se está facendo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Que tome a palabra a Concelleira de Deportes.

**A sra. Consuelo Vispo toma a palabra (PP):** A ver Valcárcel non é así, nós tivemos unha reunión cando se lle aumentaron as horas á persoa que fai o servizo de limpeza alí no Polideportivo, o coordinador das escolas, e eu, e ela, e nós dixémoslle os horarios que ten que facer, comprométome diante da Corporación a que veñas ti, e se quere o señor Fírvida a ter unha reunión con ela e que che diga diante miña onde está situado o tema da limpeza, ou sexa onde garda os seus..., a ver é que eu non o entendo, porque estivo sempre no mesmo sitio, iso non o entendo. Segundo, as horas, ela facía horas de máis porque ela entendía que non lle daba tempo dentro das súas horas, pero é o seu problema, cando nós non dimos conta, porque eu non a vexo, porque a fai fóra das horas cando está pechado o Polideportivo, dixémoslle que en ningún momento incluso axudáballe unha persoa, e lle dixemos que fora, ou sexa, vamos a ver aumentáranselle esas dúas horas para que ela puidera facer a limpeza do Polideportivo, o do domingo é en consecuencia, dixémoslle que o tiña que facer o luns de madrugada, que ela entra ás 6 da mañá ata que ás 8 abre o Polideportivo, porque ela pretendía facelo o domingo, e veu algún domingo, cando nós vimos que viña ese domingo porque si utilizan as Escolas deportivas os nenos cando hai overbooking no campo de fútbol, van o domingo pola mañá a ducharse ó Polideportivo, para iso o temos, entón díxoselle que fora ás 6 da mañá, déuselle unha prioridade para limpar o caucho das escadas que acceden do campo de fútbol abaixo ó Polideportivo, esa era a súa prioridade dende as 6 da mañá, e limpar x vestiarios para que os usuarios do Polideportivo puideran



atopalos limpos o luns ás 8 da mañá cando se incorporan, o dos domingos non é certo, vamos a ver ela pretendía limpalo, díxoselle que non porque entendíamos que estaba facendo de máis, igual que cando ela vía que non daba limpado viña máis horas, pero é que foi cando nós nos sentamos con ela e coordinámoslle todo o que tiña que facer, esa foi a reunión que tiveron eu antes do nadal, iso creo que foi, dígoche a data exacta porque falo co coordinador e dicímosche a data exacta, e comprométome con esta Corporación a que diante dela tiñamos unha reunión cada un do voso grupo, para que vexades que non é certo, é que me amola cando me decides, incluso cando dicías antes, vamos a ver, a min podédesme dicir cando obrigamos alguén desta Corporación a vir a limpar, iso para nada, apoiámoslle en todo momento na folga, dixémoslle que estábamos de acordo no que tiñan que reivindicar, e apoiámoslles, incluso dicíámoslles, que nos decatamos despois, que eu tampouco son técnico, en que incluso o faciamos nós, e eu se facía falla, pero nos dixeron que non porque podiamos ter unha denuncia, ou sexa que estais, a quen obrigamos a limpar, se estivemos todo o tempo de acordo con eles, e apoiándoas en todo momento, pero demostra as cousas que decides, é que me amola un montón de verdade, odio as mentiras, e comprométome diante vosa a que veñades comigo a ter unha reunión coa xente que depende de min, dos demais non podo falar, ¿de acordo?.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Nun Pleno do Concello de Barbadás eu coído que non podemos solucionar os problemas laborais de todos os traballadores das empresas concesionarias sendo graves e tal, o Concello o que ten é que velar polo cumprimento desas concesións privadas, e entón dentro do cumprimento desas concesións é certo que se poden establecer certas cláusulas que obrigan á empresa concesionaria a cumprir cos seus deberes laborais, si, baixo sancións, baixo ameazas de liquidacións da concesión e de recuperar a concesión, por exemplo, porque a moción é do Partido Socialista, e desde logo se o Partido Socialista o acepta eu desde logo tamén o vou a aceptar, a moción non é do Bloque Nacionalista Galego. Cámbiase expediente sancionador por investigación porque polo visto non hai causa para abrir unha investigación. Pregunto eu en ningún tipo de concesión pública deste Concello hai causa para abrir unha investigación e recuperar unha concesión pública, ou sancionar en base ó que establecen os propios pregos das condicións, estou falando da recollida do lixo, se se ten investigado iso, porque aí si que cumpren, incumpren digo, incumpren clarisimamente as condicións da contrata, e aí si que poderían ser sancionadas e recuperar moitos miles de euros para este Concello, e coa empresa do lixo pois habería que estudalo, non lin as condicións da contrata desta empresa, as cousas como son. E para rematar só unha cuestión, a min o que me alarma deste Pleno é que hai cinco Concelleiros/Concelleiras liberados, hai un señor Alcalde e é a señora Secretaria quen chama ás



empresas para avisalas de que teñen que cumprir as condicións da contrata, que ti chamaches, dise que se chamou, e estas defendendo ti, ademais interpretando como un ataque persoal o que está sucedendo con unha empresa concesionaria, e ti es a Secretaria, que quero dicir, que traballo político fan os responsables políticos deste Concello, por que non defenden eles a súa xestión. Ás veces aquí dá a sensación e volvemos unha e outra vez a discutir con Silvia cando non ó mellor non es nin responsable política, nin responsable tampouco laboral, entón isto é unha loucura.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ela é técnico e recorremos a ela como técnico, para cumprir a legalidade vixente.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pois por iso mesmo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós non podemos iniciar un expediente, se incumpre o prego ou non o incumpre, se é legal ou non é legal.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Por esa mesma razón digo eu que se investigue se se está incumprindo o actual prego de condicións.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Se investigou no seu momento, e non se incumpriu.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Nós politicamente falando consideramos que si que hai razóns para iso, outra cousa é o que diga a señora Secretaria. Dito isto o que pretende esta moción é que se instauren e se apliquen a partires de agora cláusulas de índole social en tódalas contratacións, as que se podan, claro, pero hai un montón que se poden facer. Eu convido, de verdade, xa que vostedes legan todo, absolutamente todo na señora Secretaria, e ela o asume, parécenos fenomenal, pero vostedes pódense asesorar. É posible incorporar isto, ou isto outro, non creo que llo teñan preguntado nunca xamais. E dito isto con relación ó que di Chelo, eu teño aquí unha nota que dirixiron ou lle van dirixir as traballadoras de Linorsa ó Concello, di literalmente, ó mellor interpretei mal, pode ser, “polideportivo: instalación de auga e cuarto de limpeza no piso de arriba”

**A sra. Vispo toma a palabra:** É abaixo

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pois eu téño aquí, aquí está, por iso digo cambio que se cambiou, non, non volo vou entregar, evidentemente que non, pero aquí di “a la atención del Excelentísimo Señor Presidente-Alcalde do Concello de Barbadás, menciona a todas as traballadoras, expomos: fai preto de trinta anos e tal, tal, tal,...., solicitamos”, e pásase a enumerar todo o acontecido, e aquí pon: “polideportivo, auga, e cuarto de instalación de auga e cuarto de limpeza no piso de arriba”, eu leo o que se transmite aquí e que lle ían a trasladar ó señor Alcalde, datado a 5 de xaneiro de 2015.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, perfecto pois xa a leremos cando chegue.





**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Creo que estamos a día doce.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a votar esta moción porque levamos aquí con ela, pois case unha hora e está máis que debatida. Como creo que imos a votar todos a favor dela, ¿non?. Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo: “

**Moción do PSdeG-PSOE para que se apliquen as cláusulas sociais en todas as concesións e convenios que asine o Concello de Barbadás: -Implantar cláusulas sociais en todas as concesións, convenios e demais operacións que realice o Concello de Barbadás de xeito que se garanta que a concesionaria cumpra coas súas obrigas laborais cos traballadores.**

**- Iniciar unha investigación para verificar se se cumpren as cláusulas do contrato.”**

### PARTE DE CONTROL

#### 5- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó seguinte punto, que é o punto 5, Dación de contas das Resolucións de Alcaldía, que teñen copia das Resolucións, é simplemente dar conta, isto non require votación.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Entón non se vai a aceptar ningunha moción de urxencia por parte do Bloque Nacionalista Galego, nin do Partido Socialista.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xa lle dixen ó principio que non, non hai motivo de urxencia. E pasamos ó 6 punto que é Rogos e preguntas.

Procédese á votación da urxencia das mocións do PSdeG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego.

**A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Para a eliminación de barreiras arquitectónicas, mellora na seguridade viaria, renovación ou remozamento do mobiliario urbano, e mellora integral do parque da explanada na Finca Fierro, e o motivo da urxencia é que os veciños da Finca Fierro, si lles preocupa a seguridade viaria, e as rúas están en moi mal estado, os pasos de peóns, as rúas sen pintar, os pasos elevados en mal estado, e moitas rúas sen pasos de peóns.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Antes de votalas xustificámosllo porque o imos a rexeitar o Partido Popular, porque esas obras e parte delas xa están en marcha.

**A sra. Presas toma a palabra:** Están en marcha na Finca Fierro.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Están pintando, están arranxando os bambáns.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor da urxencia, entón votos a favor, votos en contra. Queda rexeitada. ¿Algunha máis?

Sen máis sométese a urxencia a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte: “ **Rexeitamento da urxencia da moción do PSdeG-PSOE para a eliminación de barreiras arquitectónicas, mellora na seguridade viaria, renovación ou remozamento do mobiliario urbano e mellora integral do Parque da explanada.**”

**O sr. Fírvida toma a palabra:** O Bloque Nacionalista Galego, ten presentada unha moción por vía de urxencia, que é a moción para xestión directa dos impostos municipais, entendemos que o Concello de Barbadás vai gastar este ano segundo o orzamentado 130.000 euros, na delegación de impostos na Deputación Provincial de Ourense, e a isto habería que sumar máis de 40.000 euros nos impostos que xestiona Aquagest, estamos a 12 de xaneiro, co cal sería o momento agora mesmo de establecer, tanto no cadro de persoal deste Concello, como na organización da propia administración, un servizo de recadación de impostos que permitise elaborar unha xestión directa de toda a cobranza dos impostos municipais para evitar ter un custe superior a 170.000 euros no ano 2015, a urxencia estamos a 12 de xaneiro e queremos que este ano 2015 xa aforrar ese diñeiro, como se pode conseguir moi doado, un par de computadores, conexións vía internet coa Axencia Tributaria e pór en marcha todo o que é a administración vía internet, e un funcionario, dous funcionarios, que dende logo non creo que cobrasen 170.000 euros de salarios, e isto faise en Concellos ben máis grandes que Barbadás, Barco de Valdeorras, O Carballiño e moitos outros do País, agora se isto non é urxente, claro, non é urxente porque vostedes o teñen na Deputación e o teñen en Aquagest que xa lembramos son amigos de vostedes.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Propoñemos rexeitar a urxencia porque isto para levar a cabo tiña que ser antes do orzamento, tería que ser no ano pasado antes do 1 de xaneiro, entón a urxencia, non existe a urxencia, e por iso propoñemos rexeitala, votos a favor da urxencia, votos en contra.

Sen máis sométese a urxencia a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte: “ **Rexeitamento da urxencia da moción do BNG para a xestión directa dos impostos municipais**”

### 6- ROGOS E PREGUNTAS.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos entón ó punto de rogos e preguntas.



**O sr. Fírvida toma a palabra:** A pregunta é, nas Resolucións de Alcaldía ven da Concellería de Facenda o pago dunha factura, dunha multa de Loiro de 1.400 euros, a que se refire isto de multa de Loiro, Loiro é unha poboación, como vai pagar Loiro 1.400 euros.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Supoño que será pola auga

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero por que multa.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, iso debe ser polo de sanidade.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Puxeron unha multa ó Concello de 1.400 euros por ter iso en mal estado, e temos outro rogo, o rogo refírese ós orzamentos do Concello de Barbadás, nós entendemos que son moi malos orzamentos e temos unha serie de propostas que queremos incluír como rogos, para que o Grupo de Goberno teña a ben aceptar ou non, é un rogo. Entón, nós solicitamos por exemplo que na rede de sumidoiros, reducir gastos por valor de 435.000 euros, estes gastos sairían en partidas como da rede de sumidoiros, na recollida do lixo, o canon de Sogama, o contrato da recollida do lixo por incumprimento grave e reiterado das condicións da contrata, por valos de 50.000 euros, partidas sobre todo do capítulo 171 traballos realizados por outras empresas, que é outra forma de privatización de servizos públicos encuberta, non mediante concesión pública como obriga a servizos que superan unha determinada cantidade, pero si se sumamos todas as partidas, traballos realizados por outras empresas, suman máis de 300.000 euros, en instalacións deportivas, Asociación de veciños A Valenzá, asociación ilegal, propomos que se retire a subvención, tamén a Asociación música e cultura de Galicia, na administración xeral de deportes, unha redución de 40.000 euros, sobre todo subvencións a clubs deportivos, como a Unión deportiva Barbadás, 15.000 euros, que se reduzan as atencións protocolarias que suman 10.000 euros en dúas partidas diferentes, que se reduzan 6.000 euros, en publicidade de 20.000 euros que pase a 10.000 euros, e no servizo de recadación a favor da Deputación como manifestei antes podíamos ter aforrado 130.000 euros. Isto suporía unha redución nos gastos do Concello de 435.000 euros. E por contra, pois manifestamos a intención de incrementar ingresos de outras taxas de utilización privativa de dominio público, taxas que se poderían cobrar ás institucións bancarias que teñen caixeiros na vía pública, si máis, non van ter perdas, non te preocupes Manolo polos bancos, preocúpate pola xente de Barbadás, non se van a arruinar, non van ter perdas, son 18.000 euros o que contempla esta taxa e nós propomos aumentalo ata 50.000 euros, e non se ía arruinar ningún banco, pero é que eu vivo en Barbadás, pero é que eu non podo facer rogos no Concello de Ourense, nin de Madrid, claro e pódese traballar, claro, e pódese obrigar a pagar o IBI á Igrexa católica polos bens que non son de culto, tamén se pode, e pódese obrigar a pagar taxas ás



institucións bancarias, que xa de abondo cobraron de fondos públicos, non se van a arruinar Manolo por 50.000 euros. Reducir a taxa da recollida do lixo como ingreso en 40.000 euros, é dicir, non aplicar subidas nas taxas na recollida de lixo e nas taxas das Escolas de música por 9.000 euros, e establecer políticas de nova creación coma axudas sociais, servizos de lavandería, catering, que desapareceu este ano, un fondo para desafiuzamentos, creouse unha comisión por un caso excepcional pero aquilo desapareceu, non se volveu a tratar ningún outro caso, nin hai fondos adicados, para comedores escolares 60.000 euros, por exemplo para garantir ós nenos comedor nas épocas, nos meses de verán, 20.000 euros para axudas sociais, 56.000 para desafiuzamentos, 30.000 para a loita contra a violencia de xénero. Estamos fartos de aprobar en este Concello, tamén como un brinde ó sol, manifestacións de cara á galería en contra a violencia de xénero, incluso chamándolle a un parque, parque da Liberdade, pero despois á hora da liberdade, non establecemos, non implementamos ningunha política que axude a loitar contra a lacra, sucede en outros casos, xa o falaremos. E elaborar proxectos de elaboración, proxectos para a construcións de infraestruturas públicas no noso Concello, que terían que ser realizados conxuntamente coa Xunta de Galicia, como o Centro de Saúde, ou o Instituto de Barbadás, todo isto aumentaría, e bo é reducir ingresos das Escolas deportivas, e por taxas de actividades culturais e educativas, e a Escola de música en 40.000 euros, sumaría exactamente a mesma cantidade que é o que podíamos reducir en gastos deste Concello, e ese é un rogo que fai o Bloque Nacionalista Galego.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben como é un rogo, como tal, pois o recollemos. ¿Algo máis?.

**A sra. González toma a palabra (BNG):** Outro rogo, o ano pasado a estas alturas aprobouse por unanimidade unha moción para celebrar o día de Rosalía de Castro, que é o 24 de febreiro, eu non sei se teñen pensado facer algo con respecto a iso, en todo caso supoño que non tiñan pensado algo, pero de aquí a febreiro, da tempo aínda de pensar, co cal dende o Bloque Nacionalista Galego, queremos lembrarlle que hai 178 anos, se conmemora o 178 aniversario do seu nacemento, que foi unha muller radical, que foi unha muller feminista, comprometida co noso País, e coa lingua, de feito o primeiro libro integramente escrito en lingua galega, é o de Cantares Galegos de Rosalía de Castro, e que supón o fin dos séculos escuros para o noso idioma, co cal aproveitando esta data se poderían tamén comezar a implementar actividades e obxectivos a favor da lingua galega desde o propio Concello.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu teño unha serie de cuestións que expor. O pasado día 14 de decembro o Grupo Socialista solicitou a apertura dun expediente de honra para D. Marcos Valcárcel López, e queremos saber que pasou, se se lle deu curso en que situación se atopa, porque vemos que



estamos nun Pleno ordinario e non se trasladou nada aquí a este Pleno, porque supoño que a canle é esa, entón vexo que non se deu traslado desta petición.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** De momento aínda non se iniciou o trámite loxicamente.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non, loxicamente non, está presentada hai un mes, gustaríanos saber porque non se tramitou.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Metéronse por medio o nadal, e todo isto.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Entón que esa escusa é válida para ese traballo do grupo de goberno e non é válida para a presentación de mocións por parte do grupo da oposición.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** É válida para o que realmente é válida.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Moi ben para o que lle convén. Segunda cuestión, que nos pode dicir señor Freire sobre as obra do Centro de saúde, cales son os prazos para a súa construción, porque estamos xa en xaneiro e seguimos sen ver nada, e os fondos do FEDER voan.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non teño novidades con relación a última vez

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Entón concretenos por favor os prazos novamente.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A nós se nos dixo que ó final do ano 2015 que ía estar feito, eu de momento é o que podo dicirlle, non hai ningunha novidade.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** E vostede créeo, está facendo seguimento desa xestión, por parte da Xunta de Galicia ou non.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Probablemente non hai máis que preguntarlle ós responsables.

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Non, o seguimento non hai máis que ver o que hai.

Hai varios anos o señor Alcalde acompañado do Secretario Xeral para o Deporte anunciou na prensa novas piscinas municipais para Barbadás, estamos no inverno, foi o 28 de xuño de 2009, estamos en inverno, hai que ser previsores, nós queremos ser previsores, alertamos a vostedes de que deben ser previsores, ¿que actuación prevé o PP en relación a esta dotación?, ¿vamos seguir coas piscinas tal e como están?, ¿soamente vamos a revisar, ou modificar, ou facer un novo prego de condicións para a concesión do bar?, ou ¿vaise modificar a instalación?, que se vai facer, o anuncio é do 2009, estamos no 2015.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** No plan urbanístico está previsto ampliar

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non falo diso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero falo eu, está previsto ampliar a zona proporcional para a piscina, unha vez que se aprobe iso, se poderá pasar ó segundo paso que será facer un proxecto para a



ampliación, que pode ser climatizada ou pode ser descuberta.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Ou sexa, entón na campaña electoral prometerán que vai haber unha piscina nova, ¿non?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois non sei se se prometerá

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Climatizada tamén

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois non sei, iso corresponderá no seu momento

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Irá na mesma zona na que está actualmente

**O sr. Alclade toma a palabra:** Si.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Vale. ¿Pediú o señor Alcalde a Geseco o informe sobre a xestión que ten que facilitar preceptivamente esta empresa?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pedín.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pediullo. ¿Váisenos facer chegar ós grupos da oposición?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Cando o dean si, por suposto.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Váisenos facer chegar ós grupos da oposición cando o dean, pero é que señor Freire, eu creo recordar que isto xa se debateu no Pleno dos orzamentos, e no anterior, de que vostede se comprometía a pedirlle este informe.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu pedinllo, é certo.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non se fai seguimento disto. Eu pregunto, dado que delega na Secretaria, na administración, ou como lle queira chamar certo seguimento de certas actividades por parte do señor Alcalde, dada a súa incompetencia, por que non delega na señora Secretaria tamén a petición dese informe, a ver se llo facilitan.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non fai falta que llo pida a Secretaria porque xa o fixen eu persoalmente.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pero vostede é un incompetente, queda evidenciado dado que en dous Plenos transcorridos, e dous Plenos que supostamente xa o solicitou e aínda non o ten.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A incompetencia supona vostede, pero a realidade é outra

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu douna por feita, non a supoño, hai bastante diferenza.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Voulle reiterar que modere os cualificativos, senón lle importa como dixo antes a Secretaria.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu creo que isto é un debate político e non insultei a ninguén, non lle chamei mentireiro de momento.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non mo chamou agora, pero chámamo cada.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non lle chamei mentireiro, chameille ineficaz. Ten constancia o señor Alcalde que as papeleira do parque da Solaina están sen recoller dende hai máis dunha semana.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois non teño constancia.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pois cónstelle, que lle conste que tamén me informaron as empregadas de Linorsa, aparte de que vivo enriba, conste, é que por favor fagan unha visita por alí que están cheas, e hai algunhas que están máis dunha semana. ¿Que ocorre ca recollida de cartón e papel?, en todo o nadal os colectores están rebordando ninguén se ten preocupado, é dicir, rebordan e hai xente, hai xente non, en motísimos lugares están colocados os cartóns e as caixas ó redor do colector.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** No nadal sole haber unha cantidade excesiva en tódolos contedores, sobre todo o que se refire o de cartón.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Previsión, previsión e previsión, chámase así e xestionar. Hai preto dun mes este Concelleiro solicitou por escrito que se aportara a factura da publicidade electoral que fixo PP coa revista navideña, e os calendarios que se remitiron ós veciños e veciñas, ¿cal é a razón para non entregar esta factura?.

¿Cal é o custe total da grava miúda que se esparexeu sen ton nin son por todo o Concello?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O custe da grava miúda non, eu pódolle dicir o custe da obra, o custe da grava miúda terá que desagregar vostede

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** A obra, pois váleme a obra.

**O sr. García toma a palabra:** É unha obra de plans provinciais pois 70.000 euros.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** ¿E cales foron as empresas adxudicatarias?

**O sr. García toma a palabra:** Consenor.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Corseñor, todas elas Consenor.

¿Procedeuse ó desbroce e limpeza da zona de xogo infantil do entorno do tanque do Regueiro en Barbadás?. ¿está limpo?, vale.

Realizouse a limpeza da maleza no camiño do Rosario e pechouse cunha cancela a mina que está nas proximidades, que foi pedido polo Partido Socialista no mes de agosto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non sei, como estivo a Concelleira tamén de baixa ó mellor houbo unha falta de coordinación dese tema. Non cancela non se puxo ningunha.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non se puxo, vale non está posto.





Substituíronse os tubos que cobren o regato na rúa Dámaso Montes en Barbadás por unha reixa metálica que ofrezca máis seguridade, uns tubos por unhas reixas, levan os veciños pedíndoo dende hai moito tempo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non houbo tempo aínda para iso.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Foi en agosto, cando se fixo estas peticións todas.

Arranxáronse os danos do cadro eléctrico situado na fonte do Regueiro

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Está tapado.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Está tapado, está cambiado, a situación na que se atopaba era lamentable.

¿En que situación se atopa actualmente o parque Lucinda no Fonsillón?, fíxose algunha actuación, está prevista algunha actuación

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Que eu saiba non,

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non, igual.

¿Están finalizadas en Loiro as obras para garantir un subministro de auga potable con todas as garantías sanitarias?, ou as que afectan a Loiro, porque me van dicir que empezaban en Bentraces.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si, están co tema da luz.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Canto tempo lle faltará

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A obra está feita, faltan os trámites da luz.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Tamén na parroquia de Loiro, ¿arranxáronse os danos e anomalías do novo local social que denunciámos hai poucos meses, nunha moción que presentou María Presas?, que había luz, e unha serie de incidencias máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Está arranxado todo.

**A sra. Presas toma a palabra:** Eu teño unha serie de rogos respecto á Finca Fierro: que se leven a cabo unha actuación integral para facilitar o paso de peóns, carriños de bebés e persoas con mobilidade reducida en practicamente todos os pasos de peóns da Finca Fierro. Que se instalen pasos de peóns elevados na rúa Valdomiño debido ó perigo tanto para peóns como para vehículos que circulan pola zona, que se actualice a sinalización vertical que está en mal estado de conservación, que se proceda ó pintado de tódolos bancos, que se leve a cabo o pintado das liñas da estrada que non hai, que se cambie a area do parque da explanada, e que se eliminen os badéns de cemento do camiño da Hedra e colocar uns novos, así como estudar a posibilidade do pintado de peóns nesta vía.



Tiña tamén unha pregunta, ¿tedes constancia dun escrito que fixo chegar a anpa do Filomena Dato respecto a unha claraboia á saída dunha das clases de Educación infantil?, ó Concello, ou que solicitou a directora, ou a anpa, ou a directora tamén seica falou contigo, á saída da clase de psicomotricidade infantil da cara un pequeno espazo aberto que hai, e eles querían saber, se aí se podía dende o Concello, ou dende a Xunta pór unha claraboia para facer esa clase máis grande, porque non caben tódolos nenos, e non teñen horas para facer a psicomotricidade, e eu pregunto porque a nós a anpa fixonos chegar que si que había, houbo nais que fixeron un escrito e eles quedaron en que si que o mandaban a través da anpa ó Concello, porque os nenos do último ciclo non teñen horas para ir o ximnasio e teñen que facer ou a psicomotricidade fóra ou na clase, son vintecinco nenos e non caben.

**O sr. García toma a palabra:** Que eu saiba non chegou ningún escrito.

**A Sra. Morenza toma a palabra:** Teño unha serie de rogos e varias preguntas. Un dos rogos é que se instalen colectores de recollida selectiva de lixo en Santa Uxía, que se supriman as barreiras arquitectónicas na rúa Tomás Rguez. Punxín non só nos tramos recentemente construídos, que non sei porque se recepcionou a obra senón estaba nas debidas condicións de supresión de barreiras arquitectónicas ó ser de nova construción, e que se supriman as barreiras arquitectónicas no cruce da rúa Tomás Rguez. Puxín coa Garrida, tendo en conta que se están suprimindo as barreiras arquitectónicas, unha petición xa dende hai moitos anos do Partido Socialista, en toda A Valenzá, e nese lugar que é un lugar moi transitado por estar cerca do Centro de Saúde, a proximidade ó parque dos Patos, é unha zona moi transitada por carriños de bebés, e a beirarrúa é bastante elevada. Que se instale un balado de madeira ó redor do parque infantil do Campo de Roma en Piñor debido a que é un dos de máis confluencia do Municipio e está cheo de excrementos de can, ¿está encargado me di?

**O sr. García toma a palabra (PP):** ¿O balado da arena, de madeira?

**A sra. Morenza toma a palabra:** Si

**O sr. García toma a palabra:** Iso vai ir en tódolos parques, e está no proxecto.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Entón agora introduzo unha pregunta en medio dos rogos. ¿Eses cen mil euros van dar para tanto?

**O sr. García toma a palabra:** Claro que van dar, nós xestionamos ben.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Outro rogo que volvo a traer por enésima vez, non me vou cansar, porque me interesan os veciños de Barbadás, interésame falar no Pleno de Barbadás, de Barbadás, e interésame o debate político, e interésame que o Alcalde dea a cara aínda que lle quedan só uns meses, pero bo iso xa non é problema noso, que se coloque unha marquesiña nas inmediacións do hospital de



Piñor, que o Alcalde xa se comprometeu polo menos hai xa dous anos a que se ía facer, e dixo incluso mesmo aquí neste Pleno, se busco actas atoparíaio, que estaba encargada unha marquesiña para o hospital de Piñor, porque é terceiromundista. Que se instale, que se habilite un paso de peóns nas inmediacións do Campo de fútbol porque non hai por onde cruzar, a xente vai ós adestramentos e non hai por onde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** ¿En Piñor?

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non en A Valenzá.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Hai dous.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Eu falo do Campo de fútbol,

**O sr. González toma a palabra:** Hai un xunto o campo de fútbol e outro xunto o Polideportivo

**A sra. Morenza toma a palabra:** E un punto de iluminación que creo tamén estaba pendente de colocar e non se chegou a colocar. Que se estude a posibilidade de habilitar pasos de peóns elevados en puntos estratéxicos na estrada de Parada, e na pista de San Bieito, debido á velocidade á que circulan os coches. Tomas as medidas oportunas para mellorar a visibilidade do paso de peóns situado en fronte da cafetería Brétema porque non só non melloraron a visibilidade neste paso de peóns que incluso ten habido accidentes aquí, atropelos, principios de atropelos porque non foron graves, non só non o arranxaron, senón que puxeron preto, recentemente un colector de vidro.

**O sr. García toma a palabra:** Xa o quitaron

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero a visibilidade segue sendo nefasta aí, porque nós circulamos por A Valenzá, circulamos a pé e en coche, entón sabemos que a visibilidade nese punto é nefasta. Que se revise o cumprimento da sinalización de prohibido o paso de camións no núcleo de Barxa, porque temos entendido, e tamén o comprobamos que seguen pasando camións de alto tonelaxe por aí, e non poden pasar en Barxa, señor Alcalde. Rogo que se arranxe o acceso dende a estrada de Celanova á rúa do Canastro, iso xa ten vido en forma de moción, de moitas maneiras pero non se da arranxado, esas lousas están rotas, e moi complicado que un coche pase, algúns coches pegan nos baixos dos coches nas lousas estas antigas, en Bentraces, iso que quedou dende hai polo menos vinte ou tinta anos esas lousas anticuadas, que se substitúan, que se busque unha solución para eso. Vostede sempre se compromete a que se vai facer, pero xa se vai ir como Alcalde, e vaise despedir, e os temas seguen aí pendentes, son pequenas cousiñas que a vostede ó mellor non lle interesan para gañar unhas eleccións, pero hainas que facer. Rogo que se arranxe dun xeito definitivo e con calidade para o paso de vehículos a rexilla do camiño das Quintas, non sei se sabe, hai dúas rexillas, unha ó principio do



camiño das Quintas e outra na metade, rexillas que cada vez que pasa un coche fai un ruído estrondoso, e vamos non creo que sexa tan complicado, cambiar a rexilla ou mesmo, en Piñor, en San Lourenzo de Piñor. En A Valenzá que se habilite a posibilidade de que as canchas dos colexios, fundamentalmente a do Filomena Dato poidan usarse durante as fins de semana durante a tempada estival, que non sei que teñen dicir a isto, sempre teñen boas palabras, pero as canchas seguen sen estar a disposición dos mozos do Municipio, que non teñen onde facer deporte as fin de semana. En Bentraces que se repoñan as grelladas rotas na zona recreativa do Barreiro, e que se instale un novo taboleiro de anuncios, ó carón da antiga escola, para que a xente incluso os Concelleiros do Partido, Concelleiras do Partido Socialista non nos manquemos cos cristais que hai do antigo taboleiro, da moi mala imaxe ese taboleiro, e supoño que do tema das grelladas rotas e a substitución dos bambáns de ferro que son ilegais na zona do Barreiro, nos van dicir que tamén entran nos cen mil euros.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** As grelladas non

**A sra. Morenza toma a palabra:** As grelladas non se van substituír nunca, ¿non?.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non entran nese proxecto.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non entran neses proxecto. En Piñor rogamos que se estude a posibilidade de mellorar a seguridade dos usuarios na zona do Campo de Roma, instalando medidas de redución de velocidade e sinais que indiquen que hai poboación infantil na zona, polo menos un par de sinais, unha ó principio e outra ó final dese pequeno tramo, e algún paso de peóns elevado. En Parada habilitar un paso de peóns nas inmediacións do cruce entre a estrada de Toén e a vía que vai ó pobo de Parada, un paso de peóns que se pintou, e que debido ás obras na estrada borrouse e non se volveu pintar, e a xente ten que cruzar dende unha beirarrúa a outra. E despois teño dúas preguntas, unha delas está relacionada cos dez mil euros, que cremos, que temos entendido que se gastaron en xoguetes para a campaña de nadal, segundo unha factura das comisións, se se gastaron os dez mil euros en xoguetes, ou foi o custe da campaña de nadal, o custe total. E sobre os xoguetes, queríamos saber en que lugar se mercaron, se se mercaron aquí non Concello de Barbadás. Tendo en conta como está o comercio local, pois mercalos en Carrefour.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** É que colaborou Carrefour con eles, é que colaborou.

**A sra. Vispo toma a palabra:** O trinta por cento, catrocentas e pico bolsas que nos deron, e despois o trinta por cento do desconto de tódolos xoguetes, aplicouse no que é a compra de alimentos.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Estas son preguntas que se fai a xente na rúa, este dispendio de xoguetes tamén. Outra pregunta podería ser, se este dispendio, non é un dispendio, porque cos nenos



nunca é un dispendio, pero este cambio de folla de..., o ano pasado, esta pregunta xa lla fixen eu a Chelo e xa me dixo que o ano pasado tamén, pero bo ano pasado que era pola precampaña, por qué anteriormente non se daba un xoguete a cada neno e agora así.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Unha iniciativa que xurdiu agora.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois iso unha iniciativa de cara ás eleccións.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Hai cento cincuenta familias

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non, eu non falo dos alimentos eu falo dos xoguetes

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero incluso nos xoguetes tamén, iso veu todo vía Asuntos sociais, se lle deu sobre todo ás persoas que ó mellor non tiñan oportunidade os pais de poder comprarlle un xoguete ós seus nenos, e iso foi unha campaña.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non, pero eu refírome ós xoguetes que se repartinos os Reis Magos e Papá Noel, refírome a iso. Bo, repartíronse bolsiñas que xa nos dixeron que llas regalaran, paréceme ben. E despois xa por último, se o Concello subvencionou, porque temos entendido de que é así, a festa de fin de ano de Sobrado.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Porque claro aparece no cartel

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós démoslle á asociación de Sobrado unha subvención, que elas a poidan metela na festa de fin de ano esa é cousa deles.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vostedes vanlle dar unha subvención para actividade, porque hai suspicacias de se o Concello subvencionou, para iso está este apartado, rogos e preguntas, para facer este tipo de aclaracións

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non se lle deu para ningunha festa a ninguén.

Nada máis, pois entón levantamos a sesión ata o Pleno do mes de marzo.



## CONCELLO DE BARBADÁS

---

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO